

# **PROGRAMAS DO SERVICIO SOCIAL DE ATENCIÓN PRIMARIA**

Horario de Atención de 9:30 a 13:30:

Días de atención: martes e xoves

Os outros días solicitar cita previa chamando ao 986-652435

## **1.- PROXECTO DE INFORMACION - VALORACIÓN E ASESORAMENTO:**

**Lei de 3/1987, do 1 de maio de Servizos Sociais**

- Entrevistas para obter a información pertinente, co obxecto de poder realizar unha valoración axustada.
- Elaboración de informes sociais.
- Realización de xestións, tanto con entidades públicas como privadas.
- Reunións periódicas para planificación de actuacións con outros profesionais.
- Visitas domiciliarias aos casos que así o precisen.
- Difusión de información.
- Recopilar necesidades sociais
- Valoración de casos
- Intervención de casos
- Avaliación de resultados.
- Asesoramento e orientación das demandas individuais e colectivas.
- Prevención de problemáticas sociais.
- Coordinación dos recursos existentes no entorno.

## **2.- PROGRAMA DE AXUDA A DOMICILIO: Orden do 22 de xullo de 1996.**

**Pódese solicitar todo o ano.**

A axuda a domicilio é un Servizo Público consistente en atencións de carácter doméstico e social no propio domicilio e que ten como obxecto facilitar a autonomía persoal, no seu medio habitual, evitando intermediarios.

Vai dirixido a toda a poboación do Municipio que se atopa nalgunha destas situacións:

- Familias ou persoas que presenten disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora coa atención a domicilio.
- Persoas maiores con certo nivel de dependencia, que non teñan a naide que os atenda suficientemente e con esta axuda poidan continuar vivindo na súa casa.
- Persoas con minusvalías ou incapacitadas as que a axuda na súa vivenda poida favorecer a súa autonomía.
- Persoas afectadas por unha enfermidade física ou mental ou por outros motivos que lle faga precisar a axuda.
- Menores os que hai que coidar ou atender por ausencia dos seus pais ou titores, que por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos suficientemente xustificados, non poidan exercer as súas funcións.
- Colectivos específicos que presentan situación de risco ou exclusión social.

**pdfMachine - is a pdf writer that produces quality PDF files with ease!**

**Get yours now!**

"Thank you very much! I can use Acrobat Distiller or the Acrobat PDFWriter but I consider your product a lot easier to use and much preferable to Adobe's" A.Sarras - USA

### Tipos de prestacións do Servizo de Axuda a Domicilio según necesidades:

- Control dos hábitos alimenticios.
- Asegurar a hixiene.
- Realizar a limpeza do fogar.
- Atender as necesidades efectivas, físicas e sociais do asistido.
- Contribuir a integración social
- Xestionar a documentación e o mantemento do fogar.

### Requisitos para acceder ao programa:

- Estar empadroadado e ter residencia efectiva.
- Carecer de autonomía para a realización de actividades diarias.
- Que a situación da familia non lle permita prestar a axuda.
- O servizo será aboado en proporción a situación económica familiar.

### Outras características:

- Non é un servizo de atención permanente, polo que si necesita esa atención terá que acceder a outro recurso.
- As tarefas domésticas e de atención persoal variarán segundo as necesidades dos usuarios e serán fixadas polo persoal Técnico do Servizo.
- O domicilio debe reunir mínimas condición de habitabilidade.

## **3.-SERVIZO DE CONVIVENCIA E DE PREVENCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL**

- Información e tramitación de recursos de vivenda alternativa.
- Promoción e cooperación social
- Programas de voluntariado, participación, etc.

## **4.- ATENCIÓN ESPECIALIZADA**

É unha atención dirixida a diferentes colectivos con demandas e necesidades concretas (discapacitados, menores, maiores, mulleres, persoas con adiccións, inmigrantes, minorías étnicas, etc)

### ***Para os Menores:***

#### ➤ *Programa de apoio á escolarización.*

En colaboración cos Centros Escolares.

#### ➤ *Programa de educación familiar:*

- É un programa de apoio as familias con menores que precisen asesoramento, información e orientación na crianza dos seus fillos así como intervención en situacións de conflito familiar co fin de evitar que estas deriven en problemáticas máis graves.

**pdfMachine - is a pdf writer that produces quality PDF files with ease!  
Get yours now!**

"Thank you very much! I can use Acrobat Distiller or the Acrobat PDFWriter but I consider your product a lot easier to use and much preferable to Adobe's" A.Sarras - USA

- Por outra banda, trátase tamén dun programa preventivo no que se presta asesoramento e información aos pais á hora de prever e afrontar problemáticas relacionadas co estudo, dependencias, problemas de comunicación entre pais e fillos.
  - Beneficiarios deste programa.
  - Calquera familia que precise dos servizos do Programa en calquera dos seus ámbitos: información, asesoramento, intervención.
  - Calquera responsable ou técnico de rede social en contacto con menores (Centro de Saúde, Centro Escolar, Centro de Atención á infancia ...) que aprecien a necesidade de derivación ao programa ou solicitar o apoio do mesmo nalgunha das súas áreas.

➤ **Preescolar na casa, educar en familia:**

*Programa socioeducativo, destinado a asesorar e orientar no aspecto educativo e de crianza a pais e nais que teñan fillos menores de 6 anos, para o seu correcto desenvolvemento..*

➤ **Centro de Atención á Infancia (Gardería Municipal):**

*Para nenos de 3 meses a 3 anos. A solicitude realizarase no prazo de inscrición correspondente, no propio Centro ou no rexistro do Concello.*

**Documentación necesaria:**

- Fotocopia do DNI dos pais ou titores.
- Fotocopia do libro de familia completo.
- Xustificante de haberes (última nómina, declaración do IRPF de tódolos membros declarantes da unidade familiar, outros ingresos existentes).
- Certificado de convivencia expedido polo Concello.
- Certificado médico do neno de non padecer ningunha enfermidade contaxiosa, tratamento especial etc.

## **Para a Muller.**

- *Informar e asesorar sobre cuestións relacionadas con separación, malos tratos etc. e derivación aos servizos especializados que correspondan.*

## **Para os Maiores**

Información, asesoramento e tramitación de:

- **Axudas individuais.** Axuda non periódica Regulada e publicada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar no DOG correspondente.
- **Pensións Non Contributivas.** Prestacións periódicas, reguladas polo R.D. 357/1991, de marzo e R.D. 118/1998, de 30 de xaneiro.

Prazo de presentación: Todo o ano.

**pdfMachine - is a pdf writer that produces quality PDF files with ease!  
Get yours now!**

"Thank you very much! I can use Acrobat Distiller or the Acrobat PDFWriter but I consider your product a lot easier to use and much preferable to Adobe's" A.Sarras - USA

### **REQUISITOS:**

*Carecer de ingresos suficientes (consultar táboa de ingresos)*

○ **Por Xubilación:**

- *Ter como mínimo 65 anos cumpridos na data de solicitude.*
- *Ter unha residencia mínima de 10 anos no período que media entre a data de cumprimento dos 16 anos e a de devengo da prestación, dos cales 2 anos deben ser inmediatamente anteriores a data da solicitude.*

○ **Por Invalidez:**

- *Idade entre 18 e 65 anos.*
- *Residir durante un período de 5 anos, dos cales 2 serán consecutivos e inmediatamente anteriores a data de solicitude.*
- *MINUSVALÍA / DISCAPACIDADE: Grao igual ou superior ao 65%.*

### **DOCUMENTACIÓN.**

- DNI
- Certificado de residencia
- Certificado de convivencia
- Tarxeta sanitaria.
- Xustificante de ingresos solicitante e conviventes (nominas, declaración IRPF, etc.)
- Certificado de Patrimonio.
- Certificado de bens (rústica, urbana, industrial e vehículos).
- Certificación bancaria do nº de conta do solicitante.

➤ **Solicitudes de prazas en residencias:**

- *Públicas ou concertadas. Tramítanse solicitudes para o ingreso en centros para persoas maiores, regulada pola Orde do 17 de xuño de 1985, DOG N° 127 (4-7-1985).*

### **DOCUMENTACIÓN::**

- *Copia compulsada do DNI solicitante e cónxuxe no caso.*
- *Copia compulsada da tarxeta sanitaria.*
- *Certificado do IRPF*
- *Certificado de pensións.*
- *Informe Social.*
- *Informe Médico*
- *Certificado de Patrimonio.*

➤ **Programa de atención a persoas maiores a través do Cheque Asistencial.**

Decreto 176/2000, do 22 de xuño, polo que se regula o Programa de atención ás persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial..

Axuda pública individual destinada a cofinanciar os gastos que se deriven da atención a persoas de 65 anos ou máis en situación de ~~severa ou grave dependencia~~

**pdfMachine - is a pdf writer that produces quality PDF files with ease!**

**Get yours now!**

"Thank you very much! I can use Acrobat Distiller or the Acrobat PDFWriter but I consider your product a lot easier to use and much preferable to Adobe's" A.Sarras - USA

### REQUISITOS:

- Estar empadroado e ter residencia efectiva en calquera Concello de Galicia durante o ano anterior completo.
- Padecer situación de dependencia física ou psíquica que lle faga precisar de axuda doutra persoa para a realización das actividades esenciais da vida diaria.
- Non ter disfrutado do servizo que solicita nun período de 6 meses anteriores a formulación da solicitude.

### MODALIDADES:

- CHEQUE RESIDENCIA:  
Cofinanciar estancias permanentes en centros asistenciais incluídos no programa.
- CHEQUE ATENCIÓN DIURNA:  
Cofinanciar os gastos de cuidados de recuperación e mantemento da capacidade funcional en centros de atención diurna incluídos no programa.
- CHEQUE DE ATENCIÓN DE AXUDA A DOMICILIO:  
Cofinanciar os gastos ocasionados por servizos profesionais de atención integral, prestados no propio fogar polas entidades incluídas no programa.

### DOCUMENTACIÓN

- Solicitude modelo oficial
- Informe de valoración de dependencia funcional.
- Certificado de empadramento con un ano de anterioridade a formulación da solicitude.
- Copia compulsada do DNI.
- Copia compulsada do IRPF.
- Xustificante de pensións.
- Declaración xurada de non ter percibido este servizo nun período de 6 meses anteriores a data de solicitude e non residir en ningún centro da terceira idade.

### SUBVENCIÓN

O beneficiario, axudado polos familiares, participará cos seus ingresos nun mínimo do 30% sobre o custo total, e a cantidade máxima subvencionable será a diferenza resultante entre os importe máximos establecidos e a cantidade que aporta o beneficiario.

O pago efectuarase cun cheque ao beneficiario, que entregará a entidade que preste o servizo mensualmente, ademais da diferenza que proceda aboar polo mesmo beneficiario.

#### ➤ Acollemento familiar:

- Definición e obxectivos:

É un programa que pretende facilita-la integración de persoas maiores e persoas con discapacidade no seo dunha familia que, ademais de proporcionarlle un ambiente a trato familiar, atende

**pdfMachine - is a pdf writer that produces quality PDF files with ease!  
Get yours now!**

"Thank you very much! I can use Acrobat Distiller or the Acrobat PDFWriter but I consider your product a lot easier to use and much preferable to Adobe's" A.Sarras - USA

as necesidades derivadas da súa avanzada idade e/ou dependencia.

O acollemento poderá realizarse por persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 65 anos, tanto na vivenda do acolledor como na do acollido, que non teñan relación de parentesco en liña recta en ningún grao ou en liña colateral ata o terceiro grao inclusive con ningún membro da unidade de acollida.

Non obstante o anterior, e no caso de que o acollido sexa unha persoa dependente, poderá formalizarse o acollemento con familiares por afinidade, agás que na unidade de acollida existan outros familiares do acollido por consanguinidade, maiores de idade e con obriga legal de prestarlles alimentos. Prazo de presentación de solicitudes: durante todo o ano.

#### ➤ [Programa de Turismo Social e vacacións do IMSERSO.](#)

O IMSERSO organiza viaxes que ofrecen distintas modalidades para que as persoas maiores poidan disfrutar dunhas vacacións.

- Estancias en zonas costeiras para descanso.
- Viaxes culturais para coñecer a historia e o arte de España.
- Turismo de natureza con rutas por paraxes pintorescos.
- Intercambio con outros países.

Dentro do Programa de Termalismo Social están incluídos os seguintes servizos:

- Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa en habitacións dobles.
- Tratamentos termais básicos, que comprenderán :
  - O recoñecemento médico ao ingresar no balneario.
  - O tratamento termal básico que, en cada caso, prescriba o médico do balneario.
  - O seguimento médico do tratamento, co informe final.
- Póliza colectiva de seguro turístico.
- En todo caso, os beneficiarios dos turnos realizarán os desplazamentos ás estacións termais, así como o regreso aos seus domicilios, por propios medios.

Para máis información na páxina [www.seg-social.es/imserso](http://www.seg-social.es/imserso)

#### ➤ [Programa de Turismo Social Xunta de Galicia.](#)

Convoca Xunta de Galicia-Vicepresidencia da igualdade e do Benestar.

Consiste nuns días de vacacións e descanso en zonas turísticas ou balnearios ubicados en Galicia, noutras Comunidades Autónomas de España ou noutro País, co fin de mellorar a súa calidade de vida e de saúde.

**pdfMachine - is a pdf writer that produces quality PDF files with ease!  
Get yours now!**

"Thank you very much! I can use Acrobat Distiller or the Acrobat PDFWriter but I consider your product a lot easier to use and much preferable to Adobe's" A.Sarras - USA

## Contempla as seguintes modalidades:

### **Turismo de praia**

De carácter fundamentalmente vacacional, co fin de favorecer o contacto coa natureza e contando cun intenso programa de tipo cultural, deportivo, participativo e recreativo.

### **Turismo termal**

Permite recibir un tratamento termal adecuado, co fin de previr e paliar certas doenzas moi frecuentes no colectivo de maiores e disfrutar á vez dunhas tranquilas vacacións.

### **Turismo de intercambio**

A través do coñecemento doutros pobos, pretende potencia-la confraternización con outras comunidades do Estado ou doutros países que tradicionalmente manteñen fortes lazos históricos ou culturais comúns.

### **Turismo dirixido a emigrantes galegos**

Trata de facilita-lo reencontro coa terra natal e coas súas familias a aqueles emigrantes galegos asentados noutros países ou comunidades do Estado, posibilitando o coñecemento da Galicia actual.

### **Turismo de saúde**

Ofrece a posibilidade de pasar uns días de descanso e formación en autocoidados para maiores afectados de determinadas patoloxías.

### **Turismo “galegos no mundo”**

Ofrece a posibilidade de visitar aos maiores emigrantes retornados os familiares dos países onde residiron.

## *Xestión do programa*

A modalidade de turismo dirixido a emigrantes galegos lévase a cabo coa colaboración da Consellería de Emigración e as restantes modalidades xestionanse directamente dende as delegacións provinciais e dende os centros propios da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Mais información

[www.xunta.es/conselle/fm/dxmaior/maiores/proser.htm](http://www.xunta.es/conselle/fm/dxmaior/maiores/proser.htm)

### ➤ **Nadal entre amigos:**

Ofrece a posibilidade de desfrutar duns días de convivencia nunhas datas tan entrañables a aquelas persoas maiores que se atopan nunha situación de soidade. Desenvólvese en residencias, hoteis e/ou vilas termais entre o 24 de decembro e o 1 de xaneiro de cada ano.

**pdfMachine - is a pdf writer that produces quality PDF files with ease!  
Get yours now!**

“Thank you very much! I can use Acrobat Distiller or the Acrobat PDFWriter but I consider your product a lot easier to use and much preferable to Adobe's” A.Sarras - USA

➤ [Programa de respiro familiar](#) (Estadías temporais)

Este programa pretende ofrecer unha alternativa de apoio temporal ás persoas maiores con discapacidade co obxectivo de posibilita-la súa permanencia no fogar e colaborando, se é o caso, coas familias que os atenden, cando por unha serie de motivos non poidan prestarlles os debidos cuidados.

## ***Para persoas en desvantaxe social***

➤ [Renda de Integración Social de Galicia \(RISGA\)](#)

### **Concepto**

É unha prestación social de carácter periódico destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, mediante un proxecto personalizado de inserción que, partindo das necesidades e características de cada caso, procure a autonomía persoal, familiar e económica do beneficiario, e acade a súa integración social e/ou laboral. En todo caso, deseñárase con rigurosos criterios de programación, determinando obxectivos, prazos medios e actividades que permitan a avaliación dos efectos reais da súa aplicación.

### **Requisitos de acceso**

Estar empadroado e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cando menos durante o ano inmediatamente anterior á formulación da solicitude.

Quedan eximidos do cumprimento deste requisito dun ano:

a) aquelas persoas que, procedentes doutras Comunidades Autónomas do Estado, sexan beneficiarias do salario social na comunidade autónoma da que proceden, sempre que na lexislación desa comunidade se recolla a reciprocidade

b) as vítimas de violencia doméstica que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade

c) as persoas emigrantes galegas retornadas, cando fixen a súa residencia en Galicia e aquelas persoas nadas en Galicia que residindo noutras comunidades autónomas volvan fixar a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma galega

Os cidadáns e as cidadás de estados non membros da Unión Europea precisarán, ademais, acreditar a residencia legal en España no momento da solicitude.

- Ter constituída unha unidade de convivencia independente, vinculada economicamente á **persoa solicitante**
- Ter unha idade comprendida entre os 25 e os 65 anos

Non obstante, tamén poderán ser beneficiarias:

**pdfMachine - is a pdf writer that produces quality PDF files with ease!  
Get yours now!**

"Thank you very much! I can use Acrobat Distiller or the Acrobat PDFWriter but I consider your product a lot easier to use and much preferable to Adobe's" A.Sarras - USA

- **Persoas menores de 25 anos** que, reunindo o resto dos requisitos, teñan menores ao seu cargo.
- Persoas maiores de 18 anos que, tendo recoñecida a condición de minusválidos, non teñan dereito á prestación ou axuda de igual ou análoga natureza
- Persoas maiores de 18 anos que, antes de acadaren a maioría de idade, estivesen tuteladas pola Xunta de Galicia e internadas en centros de protección de menores **ou en acollemento familiar**.
- As persoas maiores de 18 anos en situación de orfandade absoluta que, reunindo os demais requisitos, non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza.
- Dispoñer de recursos económicos inferiores á contía da prestación económica da RISGA que lle corresponda
- Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestar alimentos. A xuízo do órgano de resolución, poderase eximir deste requisito a aqueles solicitantes dos que se poida prever que a obriga de alimento non se poida facer efectiva por malos tratos, relacións familiares deterioradas ou inexistentes, das que exista constancia no expediente

➤ **Axudas para situacións de emerxencia social**

**Concepto**

Axudas económicas de carácter extraordinario e de pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente.

**Requisitos de acceso**

- Ser maior de idade.
- Estar empadroado e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar los gastos derivados da situación de emerxencia (ingresos non superiores ao 125% do importe do subsidio básico máis o complemento familiar da RISGA que lle correspondería).

En ningún caso se poderá conceder máis dunha axuda para situación de emerxencia social por unidade de convivencia ao ano.

***Para discapitados***

➤ **Centro de información e asesoramento.**

- Axudas técnicas, accesibilidade integral e de desenvolvemento.
- Colaboración con entidades de discapitados.

***Para minorías étnicas e inmigración***

**pdfMachine - is a pdf writer that produces quality PDF files with ease!  
Get yours now!**

"Thank you very much! I can use Acrobat Distiller or the Acrobat PDFWriter but I consider your product a lot easier to use and much preferable to Adobe's" A.Sarras - USA

➤ Asesoramento en escolarización, promoción e integración.

## Outros trámites:

➤ Titulo de familia numerosa:

Para o recoñecemento da condición de familia numerosa a unidade familiar deberá estar formada por un ou dous ascendentes e tres ou máis fillos/as, sexan ou non comúns.

Consideraranse numerosas as familias con dous/dúas fillos/as nos seguintes supostos:

- Cando un/unha dos/as fillos/as sexa discapacitado/a ou estea incapacitado/a para traballar
- Cando ambos ascendentes sexan discapacitados/as ou estean incapacitados/as para traballar ou alomenos un/unha deles/as teña un grao de discapacidade igual ou superior ó 65%

### DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE ACHEGAR:

#### PARA A EXPEDICIÓN DO TÍTULO:

- Impreso cuberto e asinado polo/a solicitante
- Libro de familia
- Fotocopia do DNI, NIE ou do permiso de residencia e/ou traballo do/a titular
- No caso de viuvez: certificado de defunción ou fotocopia do libro de familia onde conste o falecemento.
- No caso de separación: fotocopia da sentenza. Se solicita o título de familia numerosa o/a proxenitor/a que non convive cos/coas fillos/as, deberá achegar a resolución xudicial na que se declare a obriga de prestarlles alimentos, así como un documento asinado polo/a outro/a proxenitor/a acreditativo do seu consentimento .
- No caso de discapacidade ou incapacidade para o traballo dalgún membro: certificación expedida polo equipo técnico de valoración de minusvalideces da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI) do Instituto Nacional de Seguridade Social.
- No caso de adopción ou tutela: resolución xudicial.
- No caso de acollemento familiar permanente ou preadoptivo: resolución da delegación provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

#### BENEFICIOS DO TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA

Fiscais  
Escolas infantís 0-3  
Vivenda  
Xuventude  
Transporte  
Auga  
Educación  
Vehículos  
Nutricionais  
Vivenda

#### FISCAIS

Reducións de IRPF

**pdfMachine - is a pdf writer that produces quality PDF files with ease!  
Get yours now!**

"Thank you very much! I can use Acrobat Distiller or the Acrobat PDFWriter but I consider your product a lot easier to use and much preferable to Adobe's" A.Sarras - USA

- 250 euros para a categoría xeral.
- 400 euros para a categoría especial.

Para máis información nas delegacións provinciais do Ministerio de Facenda

➤ **Prestación económica por fillo menor a cargo.**

Prazo de presentación de solicitudes: según convocatoria.

**REQUISITOS:**

- Residir en Galicia
- Ter fillos/as menores de 3 anos.
- No caso de nenos/as adoptados ou acollidos, data de adopción ou acollemento.
- Non superar os 22.000 €uros de ingresos sumadas a parte xeral e especial da declaración do IRPF do ano 2004 (casillas 476+479), seguintes anos ver taboa.
- No caso de estar obrigado/a a presentar a declaración da renda aínda sen superar ingresos (por ter varios pagadores ou outros motivos, tela presentado no prazo regulamentario).

➤ **Solicitud de recoñecemento do grao de minusvalía R.D. 1971/1999, do 23 de decembro (BOE do 26 de Xaneiro de 2000).**

A través dos Equipos de Valoración e Orientación se acredita o grao de discapacidade física, psíquica ou sensorial. Segundo o grao de discapacidade, a lexislación vixente permite o acceso aos seguintes beneficios:

- \* axudas para contratación (tanto pública como privada), autoemprego e centros especiais de emprego
- \* deducións na declaración da renda
- \* reducións no Imposto sobre sucesións
- \*deducións no Imposto de sociedades
- \*exención no Imposto de matriculación de vehículos
- \*reducción en taxas da Xefatura Central de Tráfico
- \*exención de taxas para acceder ás probas selectivas no emprego público estatal e autonómico
- \* tarxeta de estacionamento
- \*familia numerosa

Cada unha destas vantaxes debe solicitarse ante a administración pública ou entidade competente.

**DOCUMENTACIÓN:**

**pdfMachine - is a pdf writer that produces quality PDF files with ease!  
Get yours now!**

"Thank you very much! I can use Acrobat Distiller or the Acrobat PDFWriter but I consider your product a lot easier to use and much preferable to Adobe's" A.Sarras - USA

- Fotocopia compulsada do DNI
- Copia compulsada de informes médicos.
- Certificado de convivencia da unidade familiar
- Xustificante de ingresos do interesado e convivintes.
- Xustificante de gastos se é o caso.

**pdfMachine - is a pdf writer that produces quality PDF files with ease!  
Get yours now!**

"Thank you very much! I can use Acrobat Distiller or the Acrobat PDFWriter but I consider your product a lot easier to use and much preferable to Adobe's" A.Sarras - USA